

17/07/2026

AVISO FITOSANITARIO

Control da *Thaumetopoea pityocampa* (Procesionaria do piñeiro)



A procesionaria do piñeiro (*Thaumetopoea pityocampa*) é un lepidóptero defoliador, que se alimenta durante a maior parte do seu ciclo biolóxico das follas dos piñeiros, ocasionando a perda de agullas, e principalmente perda de crecemento e debilidade nos pés defoliados.

Os adultos son bolboretas cunha envergadura de 30-50 mm. As larvas pasan por cinco estadios, que presentan diferentes aspectos ao longo do tempo. A partir do terceiro estadio presentan pelos urticantes que as eirugas soltan cando se senten ameazadas. A peza quitinosa que cobre a cabeza é negra en todo momento. As eirugas móvense sempre unha tras outra, formando neste insecto unha "procesión" característica, para abandonar o niño e alimentarse nos días nos que as condicións meteorolóxicas son favorables para o insecto.

CICLO BIOLÓXICO

A bolboreta ou imago sae do chan para facer a posta ó longo do verán (xuño a setembro das zonas máis frías ás máis cálidas), rapidamente aparease, e comeza a posta que efectúa envolvendo os ovos a dúas agullas da mesma vaina. A súa posta é de 120 a 300 ovos, sempre elixindo os piñeiros que van a resultar mellores para as futuras larvas, especialmente soleados en bordes de accesos, e onde non existan postas.

As eirugas comezan a emerxer a comezos de setembro, e logo forman un grupo que se protexe con fíos de seda sen aparencia de bolsón, sendo fáciles de localizar pola cor ocre das acículas próximas, que son as primeiras que comen. Pasan por cinco estadios de desenvolvemento, sendo a partir do terceiro estadio cando comezan a producir pelos urticantes. No cuarto ou quinto estadio, os danos ocasionados pola



súa voracidade, poden ser importantes, estando sempre en relación co número de eirugas e o alimento dispoñible. Cando este último é escaso, poden ocasionar a defoliación completa dos piñeiros e causarlles a morte.

A finais do inverno e comezo da primavera, cando o seu desenvolvemento xa está completo, baixan por unha femia, e unha vez localizado o sitio adecuado entérranse no chan, onde completan o ciclo mediante a crisalidación. Os ataques ás masas nunca son mediante unha invasión masiva, se non que comeza con ataques nas zonas máis soleadas, bordes da masa, perímetros de pistas forestais ou en estradas.

MÉTODOS DE CONTROL



A comezos do verán, cando se inicia o voo da bolboreta, colócanse trampas con feromonas de atracción sexual. Estas trampas serven tanto para a captura de machos adultos como para a elaboración de curvas de voo que axudan o mellor coñecemento do ciclo da especie.

No Outono, cando as eirugas están emerxendo, é o momento de levar a cabo a execución dos tratamentos fitosanitarios para o control de *Thaumetopoea pityocampa*. O produto fitosanitario biolóxico recomendado está

realizado en base a *Bacillus thuringiensis var kurstaki*. O tratamento debe aplicarse durante a emerxencia das larvas, e preferentemente nos estados larvários L1 e L2.

ACTUACIÓNS DA DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORDENACIÓN FORESTAL.

A DXPOF colocou durante estas últimas semanas **trampas con feromonas**, en montes dos Distrito Forestais XIV Verín -Viana e XV A Limia, para a captura de machos adultos de procesionaria e para o seu monitoreo, co que posteriormente se realizará a curva de voo que determinará a época óptima para a aplicación dos tratamentos posteriores.